

Faro *da* Cultura

Teorías do antipositivismo

Letras e imaxes para desvelar o misterio (e II)

JOAQUIM VENTURA

Despois que algúns científicos ilustrados non rexeitasen o hermetismo (caso de Isaac Newton verbo do lendario Hermes Trismexisto), co século XIX as ciencias coñeceron un éxito como nunca sucedera. Os coñecementos tiñan unha translación inmediata na industria e no comercio. A pescuda en universidades e academias fixo reformular, de maneira definitiva, a hexemonía da relixión. Daquela, e a partir da epistemoloxía que impulsaron Saint-Simon, Comte e Stuart Mill, impúxose outro dogma, rexeitable por ex-
cluín-
te: o positivismo ou a obriga de lexitimar calquera experiencia científica pola vía do empirismo.

A ditadura positivista na ciencia negou calquera manifestación espiritual, especulativa ou simplemente inexplicable. E contra tal imposición, foron le-
xión os que –comandados polo cabalista Eliphas Levi entre outros– opuxeron o exercicio do ocultismo, das ciencias paranormais, das medicinas alternativas (incluída a primitiva psiquiatría). E unha das ferramentas dos antipositivistas foron as artes. E entre elas, a literatura aproveitou os avances na imprenta para difundir a literatura secreta de séculos anteriores, como os grimorios –entre nós, o máis coñecido é o *Libro de San Cipriano* ou *Ciprianillo*–.

A ditadura positivista negou calquera forma espiritual

Pero tamén incorporaron, da man de Helena Blavatsky e Henry Olcott e da súa Sociedade Teosófica, as antigas sabedorías que anos antes promovera Cagliostro. Unha doutrina –non pasaba de orientalismo de manual para esnobs– admirada polo noso Vicente Risco ata o punto que, a falta doutra, serviulle de peripiaño para estruturar a súa teoría nacionalista e como motivo para a súa primeira novela, *O porco de pé*.

E se as expresións artísticas da burguesía emerxente foron o Romanticismo e o Realismo (que nas ciencias sería o positivismo), a reacción contra iso foron o espiritualismo e o simbolismo decadentista. O

primeiro opoñíase ao inmovilismo católico e con el estaba emparentado o espiritismo, que non regala a alma a Deus e por iso foi cultivado polo ateneísmo anarquista; o segundo manifestouse nas artes plásticas na corrente dos prerrafaelitas, que bebía da mitoloxía e dos fantasmas (co seu teórico John Ruskin á cabeza da estética antiacademista).

Pero foi grazas a un invento mecánico, a un avance científico e a un corrente artístico que o oculto pasou a gañar a centralidade da sociedade e das artes. Co cine, por primeira vez po-
dí-
anse contemplar imaxes en movemento e, o que é máis importante, crealas por simple vontade de fa-
celo: deste xeito, o imaxinario resultaba evidente. Coa psicanálise, contemporánea da anterior, a medicina podía aflorar o que se oculta-
ba na mente humana: os secretos do cerebro deixaban de selo. E coa axuda da terapia encetada por Freud e grazas á influencia do cine, o surrealismo levou ás artes a dimensión onírica, consciente ou in-
consciente.

O surrealismo foi quen de levar ás artes a dimensión onírica

A segunda quenda surrealista foi unha das pontes imprescindibles para a emerxencia da nova modernidade despois de 1945: aqueles surrealistas afastados dos dogmáticos das ideas ou dos cartos da primeira fornada, Magritte en

Europa e Lugués e o grupo Dau al Set entre nós. E foron estes cataláns (Tàpies, Brossa, Cirici Pellicer) os descubridores do fenómeno Josefa Tolrà, recentemente rescatada polo centro Reina Sofía e cuxa obra está exposta ata finais de marzo en Mataró. Esta muller, *pagesa* de Cabriels (no Maresme) e analfabeta, foi capaz de debuxar e pintar de maneira máis que notable cando estaba en trazo, circunstancia que so tivo a partir dos sesenta anos, despois que morrese un fillo seu. O caso de Pepeta Tolrà desmonta calquera prexuízo, ata punto que a súa obra so foi coñecida publicamente nunha única noite na barcelonesa sala Gaspar (1956).



Unha das creacións de Josefa Tolrà (1880-1959).



Páxinas do Ciprianillo.



Isaac Newton (1642-1727).



FOTO: XOÁN ÁLVAREZ

ARTE: A “PURGA DE MAR”
DOS IRMÁNS SOBRINO / PÁX. III

ENTREVISTA CO EDITOR
HENRIQUE ÁLVARELLOS / PÁX. V

ESCENA: EUGENE O’NEILL
VISTO POLO CDG / PÁX. VIII